

## **MANIFESTO AVANTE GALIZA!**

As persoas que asinamos este documento, mulleres e homes da Galiza, apostamos polo apoio nas vindeiras eleccións do 25 de setembro ás candidaturas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego, con base nas seguintes consideracións:

**1.** A existencia dun programa claro e concreto que analiza os problemas do País e ofrece solucións posíbeis e axeitadas no contexto en que estamos a vivir.. Que, aliás, abranguen moitos dos problemas políticos, sociais e económicos da nosa nación. Democratización, servizos públicos, banca propia e pública, tarifa eléctrica galega, Banco de terras, Facenda galega mediante concerto económico, novo sistema tributario, sanidade e ensino públicos con eliminación de financiamento á privada, marco galego de relacións laborais, Plan Retorna para a mocidade exilada, defensa da creatividade e da lingua, feminismo transversal e Estatuto de Vítima, Defensa das liberdades públicas, Galtren, Ente Galego de Coordinación Aeroportuaria, traspaso a Galiza da xestión de costas, ríos e portos, saneamento das rías, conservación da bio-diversidade... todas e algunha máis contempladas no documento “ A Galiza que queremos”. É verdade que podíamos acrecentar ou mesmo matizar tal ou cal medida, mais cremos que no fundamental as que se recollen no programa responden ás necesidades do momento.

**2.** A certeza, manifestada pola súa candidata á Presidencia da Xunta, Ana Pontón, e o resto da candidatura, de que en ningún caso a representación conseguida permitirá, se dela depender, por activa ou pasiva, a continuación no goberno da Xunta do Partido Popular e do seu candidato.

**3.** A idoneidade destes candidatos e candidatas que nestes momentos difíciles para a súa organización e para o nacionalismo e o soberanismo en xeral, tiveron a valentía de, mediante un procedemento tan democrático como o que máis, dar o paso adiante. Xuventude e experiencia, homes e mulleres nos que confiamos serán quen de manter os compromisos en calquera circunstancia.

**4.** A aposta estratéxica pola soberanía como un horizonte posíbel e necesario. Como algo que será produto do esforzo e do compromiso maioritario do Pobo Galego. Que só a este suxeito político compete e ante si mesmo responde. Isto non ten a ver coa necesaria incorporación da Galiza en cantos espazos considere conveniente. Galiza, célula de universalidade, saberá cumprir o seu papel no conxunto da humanidade e achegará, como sempre fixo, o seu grao ao horizonte común de paz, liberdade, progreso e felicidade. Un pobo pequeno e humilde que, como demostran a historia , a lingüística e os avances científicos, sempre soubo dar, mesmo moitas veces sen agardar outro retorno que o desprezo e a ocultación.

As amigas, os amigos, vense nos momentos comprometidos. As nosas visións críticas, pasadas e presentes, coa organización á que manifestamos este apoio permanecen. Mais é moito máis o que nos une, e tamén o que nos pode unir no futuro. Hai un enorme traballo a facer e acumular ao xa feito, por unha inmensa maioría de militantes que ateigan os currunchos e corredoiras da Nación. De nós depende, Galiza ten futuro!!!

As pessoas que assinamos este documento, mulheres e homens da Galiza, apostamos polo apoio nas vindeiras eleicoes do 25 de setembro às candidaturas apresentadas polo Bloque Nacionalista Galego, com base nas seguintes considerações:

1. A existência de um programa claro e concreto que analisa os problemas do País e oferece soluções possíveis e adequadas no contexto em que estamos a viver. Que, aliás, abrangem muitos dos problemas políticos, sociais e económicos da nossa nação. Democratização, serviços públicos, banca própria e pública, tarifa eléctrica galega, Banco de Terras. Fazenda galega mediante concerto económico, novo sistema tributário, sanidade e ensino públicos com eliminação de financiamento à privada, quadro galego de relações laborais, Plano Retorna para a mocidade exilada, defesa da criatividade e da língua, feminismo transversal e Estatuto de Vítima. Defesa das liberdades públicas, Galtren, Ente Galego de Coordenação Aeroportuária, transferência a Galiza da gestão de costas, rios e portos, saneamento das rias, conservação da biodiversidade... todas e alguma mais contempladas no documento "A Galiza que queremos". É verdade que poderíamos acrescentar ou mesmo matizar tal ou qual medida, mas cremos que no fundamental as que se recolhem no programa respondem às necessidades do momento.

2. A certeza, manifestada pola sua candidata à Presidência da Junta, Ana Pontón, e o resto da candidatura, de que em nenhum caso a representação conseguida permitirá, por ativa ou passiva, se dela depender, a continuação no governo da Junta do Partido Popular e do seu candidato.

3. A idoneidade destes candidatos e candidatas, que nestes momentos difíceis para a sua organização e para o nacionalismo e o soberanismo em geral, tiveram a valentia de, mediante un procedimento tam democrático como o que mais, dar o passo adiante. Juventude e experiência, homens e mulheres em que confiamos serão capazes de manter os compromissos em qualquer circunstância.

4. A aposta estratégica pola soberania como un horizonte possível e necessário. Como algo que será produto do esforço e do compromisso maioritário do Povo Galego. Que só a este sujeito político compete e ante si mesmo responde. Isto nom tem a ver com a necessária incorporação da Galiza em quantos espaços considerar conveniente. Galiza, célula de universalidade, saberá cumprir o seu papel no conjunto da humanidade e chegará, como sempre fijo, o seu grau ao horizonte comum de paz, liberdade, progresso e felicidade. Um povo pequeno e humilde que, como demonstram a história, a linguística e os avances científicos, sempre soubo dar, mesmo muitas vezes sem aguardar outro retorno que o desprezo e a ocultação.

As amigas, os amigos, vem-se nos momentos comprometidos. As nossas visões críticas, passadas e presentes, com a organização a que manifestamos este apoio permanecem. Mas é muito mais o que nos une, e também o que nos pode unir no futuro. Há um enorme trabalho por fazer e acumular ao já feito, por umha imensa maioria de militantes que ateigam os corrunchos e corredoiras da Nação. De nós depende. Galiza tem futuro!!!